



DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan parcial do sector de solo urbanizable SUD-1 "Cividás"

Localización: Núcleo de Mera, Concello de Oleiros.

Órgano promotor: Concello de Oleiros

Código: 1535/2013

ANTECEDENTES

1. O día 24.05.2013 tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito da secretaria accidental do Concello de Oleiros no que comunica o inicio da tramitación do *Plan parcial do sector do solo urbanizable SUD-1 "Cividás"* (en diante Plan), e achega o documento de inicio a fin de que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (no sucesivo AAE).
2. Como paso previo a adoptar a decisión sobre o sometemento do Plan ao proceso de AAE, o documento de inicio foi exposto ao público na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por un prazo de vinte días naturais, o cal finalizou o 17.06.2013. Ao mesmo tempo consultouse tamén ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.
3. O Concello de Oleiros réxese polo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente de forma parcial e condicionada o 11.03.2009. Mediante Resolución do 16.06.2007, a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade de someter o dito PXOM ao procedemento de AAE.

Na orde de aprobación definitiva do PXOM establécense aqueles sectores que o Plan xeral deixa en suspenso, non véndose afectado o SUD-1.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, establece e regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
2. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico a AAE establecida pola Lei 9/2006, do 28 de abril.
3. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia establece no artigo 5.d) que os plans parciais serán obxecto de AAE cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, agás que o planeamento xeral que desenvolvan fose xa sometido a AAE. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da dita Lei.
4. O artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sinala que, como paso previo para adoptar a decisión mencionada no punto anterior, se deberán consultar polo menos as administracións públicas afectadas.
5. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan

Obxecto: establecer a ordenación pormenorizada dun sector de solo urbanizable, conforme as determinacións urbanísticas sinaladas no PXOM.

Ámbito de actuación: sector de solo urbanizable delimitado denominado SUD-1 "Cividás" do PXOM, que abrangue dous recintos de terreo situados un na zona centro do núcleo urbano de Mera (situado ao sur da rúa Doutor Fleming e ao norte da travesía de Curros Enríquez, entre as rúas Pinar do Río e Escolas) e outro no lugar de Dexo (un sistema xeral adscrito que forma parte do equipamento denominado DEP-49 no PXOM).

Superficie do ámbito: 31.758 m² (3,17 ha).



Proposta:

Determinacións urbanísticas:

- Uso global residencial, cunha densidade de 40 vivendas por hectárea e edificabilidade de 0,5 m²e/m²c, cun 40% da edificabilidade destinada a vivendas en réxime de protección.
- Tipoloxía das edificacións: vivenda unifamiliar (40%) cunha altura de B+1, vivenda colectiva (40%) cunha altura de B+2 e comercial e terciario compatible (20%).
- Sistema xeral imputado e exterior ao sector: zona deportiva de Dexo (DEP-49), de 6.494 m² de superficie.



- A ordenación integrará o curso de auga existente mediante a execución dun paseo central.
- Preverase un novo colector de saneamento entre a rúa Doutor Fleming e o Paseo Marítimo.

Na proposta elixida a ordenación situará as edificacións colectivas (en cuxos baixos se localizará o uso terciario – comercial) na metade sur e a esquerda da canle para aproveitar o desnivel do terreo cara ao río e diminuír o efecto de barreira visual coas edificacións unifamiliares existentes. Os viais previstos darán continuidade aos existentes no solo urbano lindante. En canto ao deseño das zoas verdes proxéctase un corredor verde fluvial ao longo de toda a canle, que alcanza unha maior amplitude no extremo norte completando así unha zona verde prevista no PXOM ao norte da rúa doutor Fleming (ZV-14). Os equipamentos previstos localizaranse en contacto cunhas instalacións deportivas existentes (DEP-43).



2. Características ambientais da área probablemente afectada

O Concello de Oleiros está situado na Costa Ártabra, na área urbana configurada na contorna da cidade da Coruña. O ámbito do Plan atópase no terzo norte do municipio de Oleiros, no centro do núcleo urbano de Mera. O recinto norte está a 1 km. cara ao suroeste do núcleo de Dexo, mentres que o recinto sur sitúase ao sur da estrada AC-163 (rúa Doutor Fleming) e ao norte da estrada DP-5845 (travesía de Curros Enríquez), dentro no núcleo urbano de Mera, un núcleo que é un importante nó orientado ao sector turístico e que en época estival e vacacional incrementa a súa poboación de forma considerable.



Outro aspecto a ter en conta é a existencia no ámbito dun pequeno curso de auga, que discorre de norte a sur ao longo do sector. Este regato nace na zona do Xabroón, ao norte de Mera polo que só ten 1,2 km de percorrido. Sitúase a continuación das traseiras das edificacións existentes, actualmente non se aplica nel ningunha medida de integración no casco urbano e a súa accesibilidade é practicamente inexistente. Co desenvolvemento urbanístico do sector habilitaranse novas zonas de espaxamento para a poboación nas súas marxes, e novos viais de comunicación entre o centro urbano e a rúa Pinar do Río, eliminando o efecto barreira que exerce na actualidade. Na área de actuación non se atopa ningunha zona con risco de inundación¹.

En canto á topografía, o terreo do ámbito presenta un relevo suave que, en xeral, ten unha lixeira pendente cara ao sudoeste cunha diferenza de cotas de aproximadamente 10 a 15 metros. Nas áreas non cultivadas, a vexetación do ámbito está formada por herbáceas anuais, xunto con algúns pés de exemplares arbóreos en xeral vinculados ao pequeno curso de auga existente. A práctica totalidade das parcelas lindantes do sector están edificadas.

Ten acceso ao núcleo de Mera e á vía Ártabra (en fase final de execución) a través da estrada DP-5815, cuxo trazado se sitúa a carón do límite sur do sector. Segundo o indicado no documento de inicio, este recinto pódese conectar ás redes de abastecemento e saneamento de augas, rede eléctrica, rede de gas e rede de telecomunicacións, existentes nas inmediacións. Neste apartado, salienta que o PXOM establece no sector unha proposta dun novo colector de saneamento entre a rúa Doutor Fleming e o Paseo Marítimo, incluídas as conexións externas ao ámbito.

No sector non se insire ningún espazo protexido. A zona protexida máis próxima sitúase ao sueste do ámbito, no río da Barreira: trátase dunha zoa incluída dentro do Inventario de Humidais de Galicia denominada *A Gándara* que está unida polo río coa *lagoa de Mera*, tamén incluída dentro deste inventario. A *Costa de Dexo*, declarado Lugar de importancia comunitaria da Rede Natura 2000 (LIC; ES1110009) atópase a aproximadamente a 1 km do sector.

O ámbito do SUD-1 atópase dentro da área continua de “mellora ambiental e paisaxística” delimitada no Plan de ordenación do litoral (POL; Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente). Por tratarse dun solo urbanizable delimitado de planeamento xeral adaptado á LOUG, o Plan poderá adaptarse de xeito voluntario aos criterios, principios e normas xerais establecidos no POL en función do seu grao de compatibilidade. Segundo o indicado no documento de inicio, a ordenación proposta terá en conta os ditos criterios cuxo obxectivo primordial é mellorar a fachada litoral e conservar os elementos naturais propios do litoral. Neste sentido mencionar que o sector se localiza no centro do núcleo urbano de Mera (cualificado no POL como un asentamento de carácter fundacional), posibilitando un desenvolvemento urbanístico en dirección contraria á costa que completará a trama existente.

3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas non se recibiron observacións.

4. Efectos ambientais previsibles

A urbanización do ámbito vai implicar a eliminación da vexetación existente pero conservando nos espazos libres os exemplares arbóreos de maior interese, especialmente os vinculados á canle fluvial, incorporándoos á zoa verde resultante mediante a execución dun paseo central, e

¹ Segundo o Mapa previo de zonas de inundación das concas de Galicia-Costa elaborado por Augas de Galicia (Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación).



complementando a xardinería con especies similares preferentemente autóctonas, todo o cal non vai ter efectos ambientais significativos.

A ocupación das vivendas que se constrúan vai dar lugar a un maior consumo de recursos (auga, electricidade, telefonía, etc.) e a un incremento das necesidades de saneamento a nivel municipal. No documento de inicio presentado achéganse informes das diferentes empresas subministradoras nos que confirman a viabilidade de dar servizo ao desenvolvemento urbanístico proposto, agás no caso do saneamento das augas residuais cuxa suficiencia depende das modificacións que é necesario realizar na EDAR de Mera. No mesmo documento de inicio adiántase que o planeamento executará un novo colector de saneamento e incorporará as ampliacións e reforzos necesarios, conforme ao establecido polas empresas subministradoras, polo que non se agardan efectos ambientais significativos a este respecto. En todo caso, e ante a posible afección ao regato existente, na tramitación do Plan o órgano promotor deberá solicitar informe ao organismo de conca (neste caso, Augas de Galicia), conforme o establecido no artigo 25.4 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

A situación dos novos viais, dando continuidade aos existentes no solo urbano, mellorará as condicións de mobilidade na zona, xa que na actualidade o sector exerce un efecto barreira ao impedir os desprazamentos a través del.

O desenvolvemento do sector posibilitará a ampliación das instalacións dotacionais do concello mediante a creación de novas zonas (no propio ámbito do sector e no sistema xeral adscrito no lugar de Dexo), o que redundará na mellora das dotacións para a poboación.

A modo de conclusión, o desenvolvemento urbanístico proposto neste Plan afecta a unha área rodeada de solo urbano na que non se agardan efectos ambientais significativos, segundo os criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril.

De conformidade con todo o anterior, **ACORDO:**

1. Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o *Plan parcial do sector do solo urbanizable SUD-1 "Cividás"*, do Concello de Oleiros.
2. Dar publicidade a esta decisión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental da avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
3. Notificarlle esta decisión ao órgano promotor.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2013

Justo de Benito Basanta
Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental